

### Os socialistas de Antas denuncian que o PP aprobe, por 2º ano consecutivo, un orzamento “irreal” e “inflado” nun 50%

Proba delo, é que as contas, que ascenden a 5 millóns de euros, inclúen dúas partidas importantes, unha de 2,8 millóns de euros para a ampliación da residencia da terceira idade, e outra de 600.000 euros para a traída de augas, que reducen a cifra total a 1,9 millóns

Lamentan “a situación de endebedamento do municipio”. A débeda a provedores ascende a preto de 800.000 euros, e supón o 42% dos presuposto real

Ante os rogos formulados sobre o grave deterioro dos servizos de subministro eléctrico e de recollida de lixo, a resposta do Alcalde “foi contundente, dándoos por oídos”

**ANTAS DE ULLA, 28 DE XANEIRO.-** O PSdeG de Antas de Ulla denuncia que o Partido Popular, por segundo ano consecutivo, aprobe un Orzamento “irreal e inflado”, pois as contas, que ascenden a 5 millóns de euros, inclúen dúas partidas importantes, unha de 2,8 millóns de euros para a ampliación da residencia da terceira idade, e outra de 600.000 euros para a traída de augas, que reducen a cifra total un 50%. Neste senso, a voceira deste Partido –Pilar García Porto–, asegura que o presuposto real, que ascende a tan só 1,9 millóns de euros, é “unha cortina de fume”, e que as partidas indicadas son investimentos “sen garantías, pois nin tan sequera dispoñen da aprobación da Xunta, non aparecen no orzamento autonómico e, en ningún caso, serán executadas neste exercicio”.

Para a socialista destaca, principalmente, o capítulo VI (investimentos reais). Este pasa de contar co 65% do presuposto en 2013 a ter en 2014 tan só o 3,4%. Deste xeito, a aportación do Concello nesta partida é de apenas 57.000 euros, “é dicir, isto é o mesmo que nada”.

#### A débeda supón o 42% do orzamento real

A socialista lamenta, asimesmo, “a situación de endebedamento do municipio”. Tal e como recoñeceu o Rexedor no Pleno, a débeda a provedores ascende a 791.589 euros, ou o que é o mesmo, o 42% do orzamento real. Para Pilar García Porto “a conclusión é clara: o Concello debe case a metade dos fondos que dispón. Aquí é donde se demostra a xestión do goberno municipal, baseada en maquillar as cifras para que pareza que fan algo, pero a realidade é que nin hai inversión, por tanto non se xera emprego, nin son capaces de diminuír a carga financeira que teñen”.

#### Outros asuntos da orde do día

A voceira do PSOE critica, ademais, que o equipo de goberno non presentase as contas públicas da empresa ÉPICA, a pesares de ser un dos puntos da orde do día do Pleno. Isto demostra, asegura, “o escurantismo co que goberna o Partido Popular”. Pola contra, “do que si se preocupou o Alcalde”, engade, “foi de incluír a funcionarización de catro prazas”. A este respecto, Pilar García Porto, subliñou que “nós non opoñemos a este proceso, porque nun futuro daralle máis transparencia á contratación de persoal no Concello, de tal xeito que non se contrate a dedo como aconteceu con estas prazas ata o de agora. É claramente unha cuestión de beneficio persoal que favorece ó Alcalde, á súa dona e á muller doutro concelleiro do PP, a maiores doutro traballador municipal”.

Asimesmo, os socialistas abstivéronse no asunto referido á modificación da Xunta de Galicia do SAF Básico para adaptarse á normativa vixente, e votaron a favor da adhesión ó convenio,

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

subscrito a dúas bandas, polas Deputacións de Lugo e Ourense para a promoción da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

No apartado de “rogos”, tal e como anunciaran en días pasados, interesáronse pola “deixadez de funcións” que está a levar a cabo o Alcalde, e que se demostra na deficitaria prestación de distintos servizos públicos básicos para os veciños e veciñas. Concretamente, a voceira municipal do PSOE referiuse, en primeiro lugar, á “mala e deficitaria situación” na que se atopa o alumeadado público, xa que, dende 2011, a entidade local tivo que realizar diversas obras de mellora na instalación por valor de case 50.000 euros.

En segundo lugar, preguntou polo “nefasto” servizo de recollida de lixo municipal, pois as avarías continuas que está a ter o camiión provocan que varios lugares do municipio se estén a converter “case que nun vertedoiro incontrolado”.

En ambos os dous asuntos, engade Pilar García Porto, a contestación do Alcalde foi contundente, “dándoos por oídos”.